


A TORRE DO CASTRO

*REVISTA CULTURAL
E TURÍSTICA
DO CONCELLO
DE SARDIÁS*

N.º 6
ANO 2012



ÍNDICE:

- Saúdo da alcaldesa.
- Editorial.
- Artigo de Jaime Solá sobre a Lagoa de Antela de 1929.
- Artigo de Álvaro Cunqueiro sobre A Limia de 1955.
- Artigo de Domingo Fontán sobre a necesidade do desaugamento da lagoa de Antela (1858) (2ª Parte).
- Máis participantes que nunca na terceira edición da Carreira Popular Torre do Castro.
- Veciños de Sandiás visitan Sogama (Cerceda – A Coruña).
- Memoria fotográfica do concello de Sandiás – Fotos da colección particular de María Fe Fernández.

Dereitos de autoría dos traballos desta edición:

**dos textos: X. F. (Salvo dos textos das publicacións na que figura a súa orixe ó principio do artigo).*

**das fotografías: contraportada e penúltima páxina (Colección particular de María Fe Fernández), portada (Capela de Santa Mariña (Piñeira de Arcos)) e demais fotos (X. F.).*

**de arquivo: foto do retrato de Domingo Fontán (Páxina web: http://age.ieq.csic.es/hispengeo/fotos_restos.htm), artigo de Domingo Fontán (Biblioteca do Museo de Pontevedra), plano da lagoa de Antela de Toribio Íscar (Blog Amigos do Arqueolóxico: <http://arqueoloxico.com/blog>), artigo da visita dos veciños de Sandiás a Sogama (Páxina web de Sogama: <http://www.sogama.es>).*



Edición non venal do Concello de Sandiás

Deposito legal: OÜ 150-2008
ISSN: 1889-0199

SAÚDO DA ALCALDESA

Outro ano máis, dirixome a todos vós para comunicarvos a saída do número seis da revista cultural do noso concello, revista que naceu cun claro obxectivo: dar a coñecer o rico patrimonio cultural que atesoura un pequeno concello do rural galego, a todas as persoas que viven nel así como a todos os que nos visitan.

Como dato a salientar neste ano, lembrar unha nova edición da Carreira Popular Torre do Castro, cunha participación "récord", máis de 300 inscritos, mostra do gran interese que ten esta proba entre os atletas galegos, salientando o gran número de futuros atletas. A carreira segue a cumprir, a pesar da crise que nos afecta, un claro obxectivo, promocionar o deporte e a vida sa entre os máis novos, fomentando valores como a deportividade e a solidariedade, valores imprescindibles para formar ós cidadáns do futuro.

Espero e desexo que con este sexto número deamos un novo paso cara á promoción do noso rico patrimonio cultural e do deporte no noso concello.

Sandiás, setembro de 2012.

Concepción Méndez Gándara
Alcaldesa do Concello de Sandiás

EDITORIAL

Nesta ocasión sobrepasamos a barreira dos cinco números editados, chegando neste ano ó sexto número desta revista, feita coa intención de darse a coñecer e servir de guía para os veciños e visitantes do noso concello. Neste novo número, como xa é habitual, botamos man de vellos artigos que falan da visión sobre a lagoa de Antela de xornalistas dos anos 20 como o vigués Jaime Solá, fundador da revista *Vida Gallega*, e de grandes persoeiros, como é o caso de Álvaro Cunqueiro, que nos fala nun artigo, moi poético, dunha viaxe á Limia nos anos 50. Así mesmo, continuamos coa segunda parte do artigo de Domingo Fontán de 1858, extraído do xornal compostelán "*La Exposición Compostelana*", no que se nos trata un dos temas máis en boga a finais do século XIX en Galicia: o desaugamento da lagoa de Antela para o seu aproveitamento agrícola.

Noutro apartado de cousas dedicamos un espazo á excursión realizada polos veciños de Sandiás a Sogama en Cerceda (A Coruña), no que se lles mostrou o complexo proceso de procesamento do lixo, afondando con iso na colaboración no servizo de recollida selectiva como garantía para facilitar a reciclaxe. Repetimos, como xa é habitual, un espazo ó deporte cunhas páxinas dedicadas á terceira edición da Carreira Popular Torre do Castro, carreira que segue consolidándose a pesar da crise.

Rematamos este sexto número, cunha mostra de vellas fotografías dos veciños do concello de Sandiás, neste caso xentileza da veciña de Sandiás, María Fe Fernández, que entran a formar parte da galería de imaxes da memoria do noso concello.

Esperamos que estas páxinas sexan do agrado dos veciños e dos visitantes.

"AL BORDE DE LA LAGUNA ANTELA"

POR JAIME SOLÁ (VIDA GALLEGA, NOVIEMBRE 1929)

A cuarenta kilómetros de Orense, por la carretera de Villacastín a Vigo, que es la de Madrid, está Ginzo de Limia. No a más de trescientos pasos antes de Ginzo se encuentra, a la derecha, otra carretera. Cuando la hayáis recorrido en la extensión de diez kilómetros, habéis llegado a la Sainza. Para saberlo, no necesitasteis entrar a la aldehuela. Os habrá anunciado un castillete, erguido sobre las ruinas de una edificación que, antes de ser campo de contiendas, fue, según mis noticias, palomar. En esa fortaleza, que ahora es de piedra, de forma rectangular y de lados exactamente iguales, que no tienen más de seis o siete metros, es donde luchan moros y cristianos. Este castillo y estos moros y estos cristianos y esta lucha, es lo que debe llevaros a hacer el viaje a la Sainza. Pero os aconsejo que antes de tomar este camino sigáis, por la carretera general, hasta Ginzo de Limia. Allí, si vais con un hijo del país como Don Víctor Fernández, opulento "automovilmán" -hombre de automóvil, palabra nueva, que respetuosamente tengo el honor de presentaros, - no faltaría una familia distinguida que os ofrezca el desayuno, muy substancioso, muy confortable, muy de casa acomodada. Y si habéis tenido la precaución de haberos desayunado antes de salir de Orense, que es lo práctico, podéis aprovechar el tiempo que ocupen en ese menester vuestros compañeros, consagrando unos minutos a la villa.

Ginzo de Limia es muy moderno y muy antiguo, a vuestro gusto. Vais a la plaza -pequeña, pulcra, animada, con alegre gracia pueblerina- y os parece obra de ayer por la mañana. Pero os separáis un poco hasta adentraros por las estrechas rúas, un poco tristes, y un poco solitarias, y esperáis que la procesión de los siglos se os aparezca a la vuelta de la esquina. No muchos, desde luego. Los suficientes, sin embargo, para que la parte baja del templo parroquial sea románica, y para que, cerca de aquél, los balcones de algunas casas de madera, descoloridos, soñolientos y colgados de doradas espigas de maíz, os hablen de nuestras aldeas ancestrales.

El conjunto es simpático. La impresión de franco acogimiento. Tan franco que rechazáis de plano la torpe imputación que lanzó sobre el centro urbano de la Limia, un clérigo más escaso de buenas razones que de malas pulgas. Dijo el cura:

"Adiós Xinzo de Limia,
monte sin leña,
río sin pesca,
hombre sin conducta;
y mujer sin vergüenza".

Todo lo cual, si habéis de juzgar por aquello vuestra primera impresión confortadora, tiene que decir que no es verdad.

Solo un suceso inesperado os contraría. Entráis en una botica y os dicen que no tienen sanguijuelas.

-¿La necesita usted para sangrarse?
-No, señor; para fotografiarlas.

Un poco sorprendido de vuestra pretensión, añade el boticario:

-Pues no las hay a vender porque el que las necesita manda por ellas a la laguna.

Y casi sin grandes cavilaciones en la cuenta. Para los efectos de las sanguijuelas, la laguna Antela es la botica de los habitantes de la Limia. En ella nacen, en ella se crían y allá engordan cuando se descuidan las bestias que pacen cerca de las charcas. De la laguna irradian a toda Galicia. Hay unas mujeres, avezadas en el oficio de capturarlas, que llenan sus vasijas de ellas. Y a veces las traen también en las pantorrillas.

Las sanguijuelas fotografiadas en su propia tierra, habrían constituido una bella nota informativa. Pero en Ginzo no hay sanguijuelas á la venta. El que sienta rondarle el ataque congestivo no tiene mas remedio que meter la cabeza en la laguna y entregarse a la voracidad de sus ansiosas habitantes.

*"VIAXE Ó PAÍS DO LIMIA"*POR ÁLVARO CUNQUEIRO (*VIDA GALLEGA, SETEMBRO 1955*)

Tradución ó galego do orixinal en castelán

Vou, en verdade, cruzar o río do esquecemento? Paso o Arnoia, na noite, por Allariz. Esta éme unha auga coñecida: o Arnoia é un río deste mundo, unha fonte da miña terra carnal, e bebena augas que eu coñezo desde que nacen, as augas do Miño; docemente se buscan, e, para as augas do Miño, que de tan lonxe e de tan parvo berce veñen, beber este ancho frescor e dicir as tres sílabas, tan claras, tan transparentes e gorentosas, Arnoia, debe ser como pór, nos beizos un espello. E despois, morrer. Mais, e o Limia? Allariz pérdese no silencio e na noite: unhas fugaces luces na tenue cortina da néboa. U-las catro torres erguidas, os seus ásperos condos, a súa soberbia militar? Debiamos oír rinchar cabalos e chocar armas na noite. E o Alarico fundador debía, na noite, co manto real da néboa polos ombreiros, galopar diante de nós cara á Lagoa, onde a memoria faise escuro soño e esvaécese. Mais toda a calada noite permanece solitaria, e ascendemos por ela, á vez, pola terra e pola néboa, ata onde rompe, como unha enorme fiestra, á luz do luar, e a néboa detense nas xambas, tal a onda mariña nos beizos de area e rocha da terra firme. O país do Arnoia perdeuse na néboa, e baixo a lúa fría e a despregada estrelada, resucita a Limia.

Mais, imos entrar no país do esquecemento? Imos cruzar a auga lenta onde a memoria fuxa, como un peixe asustado? Esas luces son Sandiás. Baixo esta ponte comeza o seu camiño o Limia. Non se escoitan as súas augas, porque son simplemente soños, e corren a través dun soño. A lúa chea sega estrelas sobre Xinzo. Esas longas franxas de prata son a Lagoa. Está feita de auga o de soños humanos ou memorias, perdidos vasos, esquecidas vidas? Terrible condición a humana, que necesita de inventarse un país e unha auga do esquecemento...

-O mellor, dígolle a Xesús Evaristo Casariego, será volveuse a Ourense ou a Ribadavia, a que nos dea memoria o viño. Bébase, -ou débese de beber, polo menos- , para lembrar.

E abandonamos a quinta boca de prata da lagoa. Por non deternos alí, aquela noite, quizais eu, agora, poida lembrar as viaxes a Ourense, as miñas amizades ourensás, - Risco, Otero, o finado Fernández Mazas, Prego, Trabaza...- , o vello xardín, que ten un nome, que, non máis que dicilo, quereuse ver un coloreado paxariño voar e cantar: Posío, e a cor e a calor do viño, e ata uns versos, que puña eu en poema, hai máis de vinte anos:

*Isa sílaba do teu nome, na que apousa
brilante o ouro, Ourens,
outra sílaba a segue coma un eco,
fillo d'unha lonxana e insondable melanconía:
Our...ensj*

"EL SANEAMIENTO DE LA LAGUNA ARTELA" (2 PARTE)
POR DOMINGO FORTÁN
(LA EXPOSICIÓN COMPOSTELANA, XUÑO 1858)



Retrato de Domingo Fontán
 (Portas (Pontevedra), 1788-1866)

Domingo Fontán (1788-1866). Galego Ilustre. Autor da Carta Xeométrica de Galicia (1854), o primeiro mapa topográfico de Galicia realizado con métodos científicos, colaborador do Dicionario Madoz, e Deputado a Cortes por Pontevedra polo Partido Liberal. Entre xuño e xullo de 1858 publicou unha serie de artigos no xornal semanal "La Exposición Compostelana" relacionados co fomento da agricultura en Galicia como "El fomento de la Agricultura", "La utilización de los juncales", "El saneamiento de Limia y de la tierra llana", "El poder público y fomento de la producción". A segunda parte do artigo relacionado co saneamento da Limia é o que reproducimos a continuación, artigo que se atopa na Biblioteca do Museo de Pontevedra.

"Para evitar tantos daños el Señor Don Julián Touves, corregidor de la villa de Ginzo en 1825, concibió el pensamiento del desagüe de la expresada laguna, y al efecto se dedico á reconocerla detenidamente, y calculó el beneficio que recibiría la agricultura convirtiendo en terreno labradío y de 4ª calidad los que no son mas que inútiles juncales; demostró matemáticamente, que resultarían unos 24.308 ferrados de sembradura, los cuales en venta valdrían 3.240.855 rs vn, y en renta anual unos 120.000 ferrados de trigo que al precio quinquenal de 8 rs por ferrado, reportarían al país la suma de 960.000 reales. Entusiasmado dicho corregidor con el mas vivo deseo del bien público, comunicó su idea á personas facultativas é inteligentes, y á los sujetos mas ilustrados del país, y tuvo la satisfacción de que no solamente aprobasen su proyecto, sino que varios curas párrocos y otros hacendados se suscribieron para contribuir á la obra con cierto número de jornales.

A este tiempo había representado á S.M., sobre la necesidad y ventajas del referido desagüe D. Domingo Rodríguez Nieto, y en su consecuencia por Real Orden de 3 de Marzo de 1827, comunicada al Intendente General de Galicia, se autorizó al mencionado corregidor para que hiciese levantar el plano y calcular el coste de las obras. Con el auxilio de D. Leocadio García, cura de S. Pedro de Pena, de Fr. Benito Valencia, franciscano del Buen Jesús y otras personas de luces y conocimientos locales, se formó la carta geográfica del territorio de la Limia y sus confines hasta la frontera con Portugal en escala mayor y menor, con expresión de los pueblos, sus distancias entre sí, montañas y ríos. También el capitán de infantería D. Joaquín Pardo, vecino de Ribadavia, levantó el plano topográfico de la parte del río Limia, sita entre los pueblos de Guín, Abeleda y Paradela, poniendo en dicho plano el resultado de las diferentes nivelaciones y reconocimientos del terreno, y haciendo ver que en el circulo de montes que rodean la Limia no hay otra garganta abierta para la corriente de las aguas, que la del puente de Linares: mas esta única abertura se halla interceptada por una gran masa de peñas que obliga á retrogradar y rebalsarse el agua; siendo dicho peñascal el que debía romperse á fuerza de pico y barrenos para abrir un nuevo cauce al río. Igualmente se calculó el gasto, y se vio que ascendía á 280.312 rs y 17 mrs el importe de la principal obra de cantería; y el de la acequia ó cauce del río á 147.912 con 17, componiendo la total suma de 428.223 reales.

Reunidos los anteriores datos, auxiliado el Sr. Touves en su comisión por las justicias de los pueblos y demás personas celosas del bien del país, y con los fondos que al efecto destinó á las obras, las cuales desgraciadamente no quedaron terminadas, tanto porque cesó en su destino de corregidor el Sr. Touves, como por otras causas que no creemos oportuno indicar. Sin embargo se construyeron 17.000 varas del nuevo cauce dándole 16 de ancho y la profundidad que exigía el nivel con respecto al nacimiento de las aguas; se comenzó a romper el peñascal del puente Linares y a pesar del hallarse los trabajos incompletos el agua corre libremente arrastrando en las crecientes la arena hasta el punto de ir cegando los pozos y cavidades que hay bajo el mencionado puente, donde antes hacían mucha pesca los vecinos de Guín y Santiago de Rivero; y los ganados pastan en todo tiempo, donde anteriormente no se conocían sino cenagales y pantanos. Se invirtieron en dichas obras 50.000 rs procedentes del fondo de Cruzada, cuyas cuentas rendidas por el depositario D. Bernardo Martínez Moure en 13 de junio de 1834, y en 6 de diciembre de 1844, fueron aprobadas por el Gobierno político de la provincia en 28 de Noviembre de 1844 y en 4 de Mayo de 1845 y publicadas en el boletín oficial a petición del expresado Sr. Touves, para poner coto á la maledicencia de algunos calumniadores, que osaron presentar como dudosa la integridad de dicho funcionario, con notable ingratitud á los beneficios de que le es deudor el país; pues durante su destino de corregidor en la villa de Ginzo, no solamente realizó las indicadas obras que habría terminado si permaneciera en aquel, sino que planteó una parada de caballos padres sostenida con gran lujo, y practicó varios caminos, de manera que la Limia se halla actualmente transitable cuando antes era muy difícil transitar por ella.



Plano da lagoa de Antela no proxecto de desaugamento de Toribio Íscar (1866).

Concluimos este artículo encareciendo la necesidad de llevar á cabo la obra principiada y dirigida con tan patriótico celo por el Sr. Touves, de lo cual emanarían incalculables ventajas a la población, agricultura y comercio de un país que según hemos dicho, es de los mas bellos e interesantes de Galicia”.

Increíble parece que hayan transcurrido 33 años, la 3ª parte de un siglo, desde que emprendió el desagüe de la Limia el Sr. Touves, sin que se haya adelantado mas para conseguirlo, y sin que autoridad alguna (que sepamos) se haya ocupado de ello; asunto que no pudo menos de tener á la vista el Gobierno político de la provincia cuando examinó, aprobó y mandó publicar las cuentas de lo gastado en el proyectado desagüe, como se deja ver por el artículo que acabamos de trasladar. Nada tendría de extraño que así sucediese en un Gobierno absoluto, pero lo es el que suceda en Gobiernos de publicidad y en que todos tenemos alguna intervención. El Gobierno absoluto acogió el proyecto de desagüe. Dos gallegos de muy grata memoria como el Sr. Ballesteros, Ministro de Hacienda, y el Sr. Fernández Varela, Comisario de Cruzada, no desoyeron al Sr. Touves, antes bien secundaron su celo y le facilitaron fondos para llevar a cabo su empresa. Llevamos ya la 4ª parte de un siglo con otro sistema de administración y gobierno mas beneficioso á la cosa pública. La audiencia central tiene en provincias menos extensas que en la anterior época subdelegados, con razón llamados de fomento y agentes de su prosperidad por el Sr. Burgos, encargados de estudiar sus necesidades y satisfacerlas; necesidades que recorriendo personalmente las provincias, no pueden ocultárseles y solo así serán debidamente apreciadas. También deben conocerlas y apreciarlas, así la Diputación provincial compuesta de individuos elegidos aisladamente por cada partido judicial, circunstancia muy atendible para que cada cual promueva intereses del suyo, como los diputados que la provincia de Orense envía a Cortes, igualmente elegidos por distritos y comprometidos á gestionar cerca del Gobierno Supremo por su prosperidad respectiva; en lo cual por lo que hace á la Limia no perjudican en manera alguna antes bien coadyuvan á promover el bien estar de la Nación. De esperar es que así excitados, no estará lejana la época de ver terminado el proyecto tan humanitario y patriótico del Sr. Touves.

Materia nos ofrecerían para extendernos sobre su realización, así los datos consignados en el artículo que dejamos trasladado, como los que personalmente nos hemos procurado reconociendo la Limia detenidamente, pero huyendo siempre de pernoctar en el radio mortífero de su laguna. Hemos recorrido todo su perímetro y reconocido minuciosamente cuantos arroyos desaguan en ella, de los cuales apenas hay dos, de un caudal insuficiente para dar movimiento á un molino harinero del país. Es indudable que las aguas nacen en el fondo de la laguna y que vienen de la gran sierra de S. Mamed y del ramal de la misma que comunica con la de Larouco; por eso crecen o menguan en la estación de las lluvias ó del derretimiento de las nieves. De esta última sierra vienen también las aguas del Ginzo, cuyo valle se inunda igualmente que el Limia. Su desagüe está reducido á profundizar el cauce que ambos reunidos forman hasta vencer el paso del puente Linares, desde el cual hasta Lindoso en el reino vecino hay notable declive. Hágase que también lo haya en el territorio inundado partiendo de las aguas perennes de la laguna; esta desaparecerá entonces de todo aunque subsistan las fuentes que hoy la alimentan, porque se les dará salida. Con esto la producción del valle se hará 8 veces mayor, mediante se calcula que hoy solo se cultiva la 8ª parte de su superficie. El capital que así se obtiene, valuado en 3.210.835 rs con una renta anual de 960.000, recobrado del dominio de las aguas tan solo con un gasto que no llegue a medio millón de rs ó a la sexta parte de su valor, merece bien fijar la atención no solo del Gobierno, sino de cualquier especulador; pues los productos de un año ya exceden del duplo de los 428.225 rs en que fue presupuestado ese gasto por el Sr. Touves. Aun cuando se haga mayor este presupuesto, aun cuando llegará a duplicarse, siempre habría en el desagüe de la Limia un negocio muy lucrativo. Sobre este grande interés de cualquiera capitalista, está el del Gobierno respecto a la salud pública. No insistimos sobre esto, persuadidos ó tal vez ilusionados de que no en vano serán leídas estas líneas”.

D. Fontán

MÁIS PARTICIPANTES QUE NUNCA NA TERCEIRA EDICIÓN DA CARREIRA POPULAR TORRE DO CASTRO




Os gañadores da proba absoluta da III edición da Carreira Popular Torre do Castro

O domingo 3 de xuño de 2012 celebrouse a terceira edición da Carreira Popular Torre do Castro, en Sandiás, superándose nesta edición os 300 atletas inscritos. Participaron nela desde os máis pequenos ata o máis veterano desta carreira, o carballiñes, Manuel Fernández Ledo de 75 anos, todo un clásico nesta proba, xa que ten participado nas dúas edicións anteriores.

Esta carreira estaba incluída no circuíto de carreiras **Correr en Galicia** e no calendario das probas oficiais da Federación Galega de Atletismo. A carreira contou, como xa é habitual, con varias probas por categorías: a carreira escolar dos rapaces/as (2.000 m), a carreira dos "Pitufos" de 350 m., e a carreira absoluta (7.900 m) que contou cun total de 167 participantes, o "récord", ata o momento, de participación.

O gañador da proba absoluta foi Álvaro de la Fuente (Ourense Atletismo - Academia Postal) cun tempo de 28 minutos e 53 segundos, mentres que o segundo e o terceiro clasificado foron, José Manuel Casado (Vía XVIII Maceda) e Ignacio Feijoo (Independente). Na categoría feminina a gañadora foi Sonia Teijeiro (Veteranos Pabellón Ourense), e as 2ª e 3ª clasificadas foron Silvia Rodríguez (Esprintes Ourense) e Ana Belén Losada (Burgas Atletismo Ourense). Os gañadores, ademais do trofeo, levaron o seu peso en patacas da Limia.

No relativo ós atletas locais, o gañador foi Ignacio Feijoo (Sandiás), e os 2º e 3º clasificados foron Pablo Feijoo (Sandiás) e Álvaro García (Couso - Sandiás), e o 4º e o 5º clasificados foron Rubén Trigo (Couso - Sandiás) e Francisco José Dalama (Sandiás).



Un ano máis, os comentarios máis repetidos polos atletas da proba absoluta, como xa é habitual, foron as enormes e pinas subidas, como se pode observar no perfil da proba, ata a capela do san Bieito da Uceira. Como xa é tradicional "os muros" da Uceira fixeron sufrir á maioría dos atletas. O éxito de afluencia, aínda máis xente que nas edicións anteriores, a satisfacción dos atletas pola carreira, e a gran colaboración dos negocios da comarca, moi necesaria nestes tempos de crise, fainos pensar na consolidación desta proba no calendario de carreiras populares de Galicia.



A gañadora na proba absoluta feminina cos seus premios (Trofeo e patacas)



Os gañadores locais da III Carreira Popular Torre do Castro



Os gañadores por equipos da III Carreira Popular Torre do Castro



Saída da proba escolar



Saída da carreira dos "Pitufos"

**VECIÑOS DE SANDIÁS VISITAN SOGAMA (CERCEDA - A CORUÑA)
(Artigo extraído da páxina web de Sogama (www.sogama.es))**



Veciños do concello de Sandiás nas instalacións de Sogama

O pasado 28 de xuño de 2012 os veciños de Sandiás desprazáronse ata o complexo industrial de Sogama en Cerceda (A Coruña) para comprobar o seu funcionamento e ampliar os coñecementos en torno á adecuada xestión dos residuos urbanos e os hábitos necesarios para reducir a súa xeración, ampliar a vida útil dos produtos e colaborar no sistema de recollida selectiva como garantía para facilitar a reciclaxe.

No transcurso das explicacións proporcionadas polo persoal educativo ó servizo de Sogama, apelouse á necesidade de recuperar vellas estratexias aínda arraigadas nunha gran parte do rural galego de cara a propiciar a máxima reutilización dos artigos. É o caso, por exemplo, dos uso dos cestos de vimbio e as bolsas de tea de toda a vida, cos que se permite minimizar o consumo desmesurado de bolsas plásticas non biodegradables, xa que estas tardan séculos en descomparse, ocasionando un gran impacto sobre o contorno natural.

Así mesmo, instóuselles a recuperar outra das prácticas tradicionais de Galicia como é a compostaxe caseira, xa que, coa fabricación do abono natural a partir dos refugallos orgánicos xerados no fogar, os usuarios non contarán só cun magnífico fertilizante co que nutrir os seus xardíns, hortas e terreos de cultivo, senón que axudaran a que esta parte do lixo non se deposite nos colectores xenéricos, permitindo cos servizos de recollida do lixo poidan diminuír a frecuencia de recollida e acaben entregando desta maneira menos desperdicios a Sogama, o que se traducirá nun importante aforro económico. Este é moi importante xa que os 296 concellos adheridos o seu modelo deben pagar un canon por tonelada de bolsa negra (residuo en masa) xestionada e tratada por Sogama nas súas instalacións. Se cada cidadán consegue minimizar a produción de refugallos contribuirase desta maneira a alixearse o peso do lixo entregada mensualmente a esta entidade.

Ademais de todo iso, a correcta selección en orixe permitirá remitir ós centros recicladores importantes cantidades de residuos polas que os concellos non só non pagaran, senón que recibirán ingresos que poderán destinar a distintos servizos sociais.



Un momento da visita dos veciños do concello de Sandiás ás instalacións de Sogama (Cerceda – A Coruña)

O obxecto desta visita, organizada polo Concello de Sandiás, era que os veciños tiveran a oportunidade de ver e comprobar a infraestrutura na que se centralizan a maior parte dos residuos xerados en Galicia, entre eles os da comarca da Limia, tomando conciencia do longo camiño que deben percorrer para recibir un tratamento axeitado, evitando desta maneira vertidos incontrolados, un tratamento que, loxicamente ten un custe a sufragar coas aportacións dos cidadáns en calidade de produtores, quedando obrigados a asumir parte da súa responsabilidade.

O grupo de veciños tivo a oportunidade de percorrer as distintas plantas que conforman o complexo e ás que chegan os residuos recollidos a través dos colectores amarelos (bolsa amarela: envases de plástico, latas e bricks), e verdes convencionais (bolsa negra: restos orgánicos e non reciclables).

Tras unha parada na planta de clasificación de envases lixeiros, onde estes son clasificados por tipos de material e enviados a centros recicladores, os veciños de Sandiás iniciaron o percorrido que segue a bolsa negra, comprobando como, tras seleccionar a parte reciclable, o resto convertese nun combustible derivado de residuos (CDR) a partir do cal a empresa obtén enerxía eléctrica suficiente coa que abastecer a 100.000 fogares, desta maneira dótase de valor o aparentemente inútil, extraendo un ben altamente cotizado no actual escenario de crise.

MEMORIA FOTOGRÁFICA DO CORCELLO DE SARDIÁS



Antonio Fernández e Adolfo Méndez no Entroido de Sandiás (A finais dos anos 60) –
Colección particular de María Fe Fernández

MEMORIA FOTOGRÁFICA DO CONCELLO DE SARDIÁS



Catequese feminina da parroquia de Sandiás (Sandiás, 1956) – Colección particular de María Fe Fernández.



Familia Fernández Bahamonde (Sandiás, 1912-1913) – Colección particular de María Fe Fernández.